

**CONTRATO TIPO HARMONIZADO PARA A**  
**REALIZACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE**  
**PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE**  
**EDIFICACIÓN**

**##codigo## - ##obra##**

**##adxudicatario##**

En Santiago de Compostela, a ##data contrato galego##.

## REUNIDOS

- Dunha parte Don Francisco Pais López, maior de idade, con D.N.I. 33.274.928-T, en nome e representación da sociedade unipersoal SPI-Galicia, S.A., domiciliada en C/Avelino Pousa Antelo nº1, Santiago de Compostela, 15707, A Coruña, con N.I.F. A- 15595275, inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, no tomo 1.896, folio 62, folla nº C-17823, inscrición 1ª.

Don Francisco Pais López, actúa na súa condición de Xefe de Área de Administración e Finanzas da devandita Sociedade, de acordo coas facultades que resultan da escritura de poder autorizada polo notario de Santiago de Compostela, Don Carlos de la Torre Deza o día 13 de xuño de 2011 co nº 1.237/11 do seu protocolo.

- E doutra ##representante##, maior de idade, con D.N.I. ##dni representante##, en nome e representación de ##adxudicatario##, con domicilio en ##endereço adx##, ##concello adx##, (##provincia adx##), (en diante “o contratista”), con C.I.F./N.I.F. ##cif adx##, inscrita no Rexistro Mercantil de ##registro mercantil adx##, e de acordo coas facultades que resultan da escritura de poder autorizada polo notario ##notario## do Ilmo. Colexio de ##colexio## na escritura de protocolo nº ##protocolo## de data do ##data protocolo galego##.

## EXPOÑEN

I.- SPI Galicia, S.A. é unha sociedade anónima unipersoal constituída, logo da súa creación polo Decreto 56/1997, do 6 de marzo, mediante escritura autorizada con data do 31 de marzo de 1997 polo notario do Ilustre Colexio de Galicia, D.Manuel Julio Reigada Montoto, e réxese pola Lei de sociedades anónimas, Lei 3/1985, do 12 de abril, de patrimonio da Comunidade Autónoma, Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e calquera outra disposición que lle sexa de aplicación.

De acordo co seu obxecto social, SPI - Galicia, S.A. actúa en nome propio pero por conta da Xunta de Galicia para proxectar, construír e conservar as obras públicas de infraestructura que lle encomende a propia Xunta de Galicia.

II.- SPI Galicia, S.A., contrata o presente servizo. de Redacción de Proxecto Básico e de Execución Harmonizado de acordo co artº 190 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público.

III.- O Consello de Administración de SPI-galicia, S.A., por resolución de data do, ##data adxudicacion galego##, acordou adxudicar o procedemento harmonizado antes nomeado a ##adxudicatario##.

**IV.-** A dirección de execución acreditou perante a Mesa de Contratación de SPI - Galicia, S.A., a súa capacidade e personalidade para contratar e obrigarse e, en especial para o outorgamento do presente contrato; constituiu, á disposición de SPI-Galicia, S.A., a fianza definitiva esixida para os efectos previstos neste contrato ( 5% do presuposto de adxudicación sen IVE).

**V.-** Ámbalas partes proceden á formalización deste contrato que queda suxeito ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **1.- OBXECTO**

1.1.- O obxecto do Contrato constitueno a realización dos traballos e servizos necesarios para o servizo de redacción do Proxecto básico e de execución de **##obra##**.

1.2.- Os mencionados traballos e servizos serán desenvolvidos baixo a dirección e control de SPI-Galicia, S.A. dacordo coas especificacións e nos termos establecidos neste Contrato e na documentación que se adxunta con carácter contractual, o contido da cal o Proxectista manifesta coñecer, aceptar e obrigarse a cumprir íntegramente.

1.3.- Con cuxo obxecto inclúense como parte integrante do presente Contrato, debidamente identificados polas partes:

- a) Prego de Bases
- b) Prego de Prescricións para o contrato de servizo de redacción de Proxectos Executivos de edificación, que se adxunta como anexo núm. 2.
- c) Oferta presentada polo Proxectista, que se adxunta como anexo núm. 3
- d) Copia da garantía definitiva constituída polo Proxectista, como anexo núm. 4

Da documentación que acaba de indicarse como definatoria do obxecto deste Contrato, manifestan ámbalas partes posuir copia exacta, formando toda ela parte integrante do Contrato.

No caso de discordancia ou contradicción no contido dos documentos contractuais será de aplicación preferente este Contrato e despois os documentos anexos pola orde da súa numeración.

1.4.- Dacordo con todo aquilo que se expón no presente Contrato, e axustándose estrictamente ás disposicións legais aplicables, o Proxectista

deberá redactar un Proxecto de Execución que permita a realización da totalidade das obras necesarias para executar o Proxecto, con garantía da súa solidez, permanencia e seguridade e optimizando o custo e o prazo de construción.

O Proxectista, ademais, asume a preceptiva redacción do Estudio de Seguridade e Saúde nos termos que resultan do arti. 5 del Real decreto 1627/97 de 24 de Outubro, o cal haberá de estar redactado por un técnico coas competencias legais correspondentes.

1.5.- SPI-Galicia; S.A.(previa aprobación por parte da Consellería demandante do contrato) podrá, durante a execución do presente Contrato, modificar aumentando, reducindo, substituindo ou suprimindo partes dos traballos ou servizos obxecto do mesmo, e ou/engadir de outras non previstas, por razóns de interese público e por atender a causas imprevistas e que no afecten ás condicións esenciais do contrato,

Nestes supostos, el Proxectista estará obrigado a executar os mencionados traballos ou servizos, en conformidade con aquilo establecido no presente Contrato, sen dereito a reclamar ningunha indemnización, e sen que por ningún motivo poda menguar o ritmo dos traballos ou servizos nin suspendelos.

Estas modificacións do Contrato valoraranse de acordo con aquilo indicado na cláusula 2.3.

Non terán a consideración de modificacións ó contrato as ampliacións do seu obxecto que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas, as cales haberán de ser contratadas de forma separada seguindo o procedemento que determine a Administración .

1.7.-O proxectista deberá redactar o Proxecto totalmente de acordo coa normativa urbanística de aplicación ó solar.

## **2.- PREZO,PRAZO, FORMA DE PAGO E PENALIZACIONS**

2.1.- O importe total a abonar ó Proxectista, establececese na cantidade fixa, total total ealzada de **##importe adxudicacion sen IVE## (##importe adxudicacion sen IVE letra##)**, IVE non incluído. O devandito importe comprende a totalidade dos conceptos, custos e gastos necesarios para o correcto e completo servizo para a redacción do proxecto básico e de execución, o estudio de seguridade e saúde.

O importe consignado abarca, sen que a relación sexa limitativa, senon meramente enunciativa:

- Os soldos, pluses, axudas de custo e honorarios do persoal adscrito á redacción do Proxecto

- Os custos xerais, da empresa e o beneficio industrial do Proxectista adxudicatario.
- Alugueres, amortizacións e consumos de locais, instalacións, medios de transporte, materiais de oficinas, hardware e software necesarios.
- Os custos de adquisicións e aprendizaxe das ferramentas informáticas das que o Proxectista debe dispoñer e que se mencionan no Prego de Bases para o servizo de redacción do Proxecto Executivo de Edificación.
- Custos de elaboración do estudio de Seguridade e Saúde e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto.
- Seguros de toda clase.
- Impostos (non incluído o IVE).
- Custos mais elevados pola realización de traballos nocturnos, en horas extraordinarias e en días festivos.
- Autorizacións de terceiros necesarias para a execución do presente contrato.

2.2.- Son con cargo o Proxectista:

- a) Os gastos e impostos do anuncio ou anuncios da licitación e os que resulten da formalización do contrato. O seu importe, a xustificación do cal recibe neste acto o contratista de SPI-Galicia, S.A., será satisfeito no momento de asinar o contrato.
- b) En concepto de retribución por prestación de traballos facultativos da redacción de proxecto, SPI-Galicia, S.A., facturaralle ó contratista o 6 % do importe das facturas dacordo co programa de traballos..

2.3.- No suposto que se modificaran os traballos ou servizos obxecto deste Contrato, estas modificacións valoraranse de acordo cos prezos que rexen o presente Contrato, ou, se se da o caso, fixaranse contradictoriamente.

2.4.- Non será de aplicación ningunha revisión de prezos.

2.5.-O prazo para a realización da asistencia queda fixado en: **##prazo adxudicacion##**

2.6.-O calendario de facturación seguirá o seguinte criterio:

O Proxectista facturará os traballos de referencia en dous prazos:

1º Prazo: A entrega do proxecto básico, por un importe do 40% do precio total do contrato (Unha vez supervisado).

2º Prazo: A entrega do proxecto de execución, por un importe do 60% do precio total do contrato (Unha vez supervisado).

SPI-Galicia aceptará os traballos ou, no seu caso, indicarlle o proxectista as enmendas a implantar para a súa aceptación, nun prazo máximo de tres meses a contar desde a entrega dos traballos.

O incumprimento de calquera dos prazos parciais establecidos na adxudicación do Contrato sen causa xustificada, poderá ser causa de resolución do Contrato coa perda da garantía.

Se non se producira a resolución do Contrato, SPI Galicia, S.A., aplicará unha penalización do 1% do contrato por cada prazo parcial incumplido.

Con independencia das posibles penalizacións por incumprimento dos prazos parciais que se poidan producir, o incumprimento do prazo final poderá producir unha penalización acumulable do 1% por cada semán de retraso.

Os incumplimentos das condicións de execución, poderán ser obxecto de penalización tal e como se define no punto 8.8 do prego de bases.

### **3.- AUTORÍA DO PROXECTO**

3.1.- A responsabilidade profesional facultativa da Autoría do Proxecto Básico e Executivo recaerá en **##delegado obra##**, con titulación profesional ....., quen será o Delegado desta con poder suficiente para manter toda clase de relacións con SPI-Galicia, S.A., en relación o presente Contrato.

3.2.- O Proxecto haberá de ser elaborado e asinado polo persoal do Proxectista coa titulación académica e profesional idóneas en cada caso, segundo a lexislación vixente.

3.3.- SPI-Galicia, S.A., valorará libremente a idoneidade das persoas para levar a termo as funcións específicas asignadas, e poderá, en calquera momento exixir a substitución de calquera destas. O Autor do Proxecto haberá de atender esta esixencia no prazo das dúas semanas seguintes.

3.4.- Para todo o que atañe ó persoal asignado polo Proxectista á redacción do Proxecto, e ás colaboracións de terceiros, así como ós medios materiais de que deberá dispoñer o Proxectista, terase en conta todo aquilo enunciado nesta cuestión e no Pregos de Prescricións para a redacción de Proxectos Executivos de edificación

3.5.- A responsabilidade profesional facultativa da Autoría do Estudio de Seguridade e Saúde recaerá no Sr. .... con titulación profesional ..... que é designado responsable/coordinador en materia de seguridade e saúde durante a elaboración do Proxecto.

3.6.- O Proxectista deberá proveerse dos locais necesarios para o desenvolvemento do seu cometido, equipandos con servizos de teléfono, fax, hardware e software necesarios.

#### **4.- GARANTÍA DEFINITIVA**

Ó adxudicatario constituiu a garantía definitiva, pola cantidade do 5% do importe de adxudicación sen IVE, de acordo co Aval tipo do prego de bases da presente licitación.

A fianza responderá de tódalas débedas da Dirección das obras resultantes do contrato; da súa execución ou da súa eventual resolución; do reintegro das cantidades que, se é o caso, SPI - Galicia, S.A. aboase en exceso a raíz da liquidación final; do resarcimento dos danos e perdas derivados do incumprimento das súas obrigas, incluídos os que puidesen ser reclamados a SPI - Galicia, S.A. por terceiros e con carácter xeral, do cumprimento de tódalas súas obrigas.

#### **5.- RESPONSABILIDADE PROFESIONAL**

5.1.- A execución do Contrato realizarase baixo risco e ventura do Proxectista.

5.2.- O proxectista responderá da calidade técnica dos traballos e dos danos e perxucios que durante a execución e explotación das obras se causen tanto a SPI-Galicia, S.A., como a Xunta de Galicia como terceiros, por defectos e insuficiencias técnicas do Proxecto ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que incurrira, imputables a aquel.

5.3.-O proxectista obligase a atender todas as consultas e facer todas as aclaracións que SPI-Galicia, S.A. lle pida durante a redacción do proxecto.

5.4.-O proxectista obligase a enmendar, corrixir e solucionar todos os posibles defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios que puidera conter o proxecto.

#### **6.- OBRIGAS LABORAIS E FISCALES**

6.1.- Fará falla que en todo momento, o Proxectista, esté ó corrente de todas as obrigas o que lle correspondan en materia fiscal, laboral, de seguros, de Seguridade Social, de Seguridad e Saúde do Traballo e sindical; e será estrictamente e rigurosamente responsable, con carácter exclusivo e sen ningún cargo por conta de SPI-Galicia,S.A., do incumprimento de calquera destas obrigas.

6.2.- O Proxectista responde de dotar e de manter nos seus equipos de campo e gabinete, os elementos de Seguridade e Saúde no Traballo, previstos na lexislación vixente.

## **7.-RESOLUCIÓN E RESCISIÓN**

Serán causa de resolución deste contrato:

- a) A morte ou incapacidade do titular do contrato, se se trata dunha persoa física.
- b) A non formalización do contrato no prazo fixado po-la SPI-Galicia; S.A..
- c) A existencia de graves deficiencias no cumprimento das funcións do servizo que repercutisen en atrasos na redacción do proxecto e xeraran perigo de incumprimento dos prazos parciais e totais das condicións contractuais con SPI - Galicia, S.A.
- d) O mutuo acordo co proxectista, sempre que non concurran causas de resolución imputables o proxectista e que por razóns de interes público fagan innecesarias e inconveniente a permanencia do contrato.

SPI - Galicia, S.A. poderá, en calquera momento, rescindir o contrato da Dirección das obras, por determinación propia, aboándolles ós seus titulares todas aquelas cantidades que tivesen acreditadas e, ademais, unha indemnización calculada no dez por cen (10%) do valor restante do contrato no momento de declarar a rescisión. Así mesmo, neste suposto de rescisión unilateral do contrato por parte de SPI - Galicia, S.A., devolveráselle a fianza definitiva ó adxudicatario deste contrato tan pronto transcorrese, contado desde a data de rescisión do contrato, un prazo de quince días.

No caso que SPI - Galicia, S.A. non pagase dúas ou máis facturas de modo consecutivo ou acumulado, a Dirección do proxecto poderá optar pola resolución do contrato, con aboamento neste suposto das cantidades acreditadas ata entón, máis unha indemnización calculada no dez por cen (10%) do valor restante do contrato, ou ben a súa continuación nas condicións que se pacten.



## **9.- RÉXIME XURÍDICO**

O contrato queda suxeito á lexislación civil, mercantil e procesual galega e española. Sen prexuízo disto, nas materias relativas á realización do servizo tomaráanse en consideración cando a súa aplicación sexa posible e en todo o que non quede regulamentado pola mencionada lexislación civil e mercantil nin por este contrato, e polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público.

E para que así conste, asíñase por duplicado o presente documento, no lugar e data do encabezamento.

**POLA CONTRATA**

**POR S.P.I. - GALICIA, S.A.**

**##representante##**

**Don Francisco Pais López**